

**CONCELLO DE
SANTIAGO**

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES QUE REXERÁN A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DUNHA MUTUA DE ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS PARA O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

1.- ACTIVIDADES DA MUTUA ADXUDICATARIA.


As actividades da mutua adxudicataria terán como obxecto principal tanto a xestión e cobertura das continxencias profesionais como a xestión das prestacións económicas da incapacidade temporal por continxencias comúns que se produzan entre o persoal do Concello de Santiago de Compostela nos termos que establecen a normativa e os pregos. A mutua adxudicataria tamén desenvolverá as demais actividades complementarias do obxecto principal que están previstas nos pregos e aquelas que se recollan na súa proposición.

Aos efectos meramente informativos sobre o alcance da cobertura se inclúe como Anexo deste prego de prescricións técnicas particulares unha relación de centros e de persoal ao servizo do Concello de Santiago de Compostela, cos datos de abril de 2012.

2.- OBRIGAS XERAIS DA MUTUA ADXUDICATARIA.

En relación co persoal do Concello de Santiago, a mutua adxudicataria está obrigada a:

- a) Cumprir coas obrigas que, como entidade colaboradora na xestión da Seguridade Social, prevé a Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto Lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, e o Real Decreto 1993/1995, de 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre colaboración das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermedades Profesionais, e demais disposicións de aplicación.
- b) Cumprir, ademais das obrigas recollidas expresamente nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, cantas outras obrigas lle veñan impostas por precepto legal ou regulamentario, en relación co obxecto do contrato e da súa actividade como mutua.
- c) Xestionar as bonificacións das primas e cotizacións que poidan ter lugar por unha baixa sinistralidade ou por outros conceptos que se establezan na normativa que regula as cotizacións á Seguridade Social.
- d) Executar os traballos na forma, tempo e condicións establecidas, co persoal necesario para a realización dos mesmos, de acordo coas condicións establecidas nos pregos.
- e) Entregar ao asociado, no prazo de dez días dende a notificación da denuncia do Documento de Asociación, a certificación acreditativa do cese como asociado e da data de efecto do referido cese.
- f) Devolver ao asociado o importe que, no seu caso, en concepto de garantía depositara na mutua ao subscribir o Documento de Asociación de conformidade co art. 64 do R.D. 1993/1995.
- g) Cumprir as disposicións laborais e de seguridade social que sexan inherentes á súa condición de empresario do persoal á súa orde que presten servizo.



CONCELLO DE SANTIAGO

- h) Respostar dos danos e prexuízos que ocasione con motivo da execución do servizo, tanto á Administración Municipal como a terceiros, e dos gastos orixinados por demora no cumprimento das súas obrigas.
- i) Dotarse do persoal e medios materiais necesarios para a prestación do servizo así como o mantemento e a súa conservación.
- j) Cumprir a normativa existente en materia de normalización lingüística.
- k) Acudir ás reunións ás que sexa convocada por parte do Concello de Santiago.
- l) Colaborar co Concello de Santiago e cos seus servizos de prevención de riscos laborais para que poidan cumprir correctamente coas súas funcións, especialmente, co servizo de medicina do traballo e de vixilancia da saúde do persoal municipal, nos termos e cos límites establecidos pola normativa de funcionamento das mutuas e demais normativa aplicable.
- m) Colaborar co sistema público de saúde nos termos e nas actividades que a normativa establece.
- n) Non empregar para fins ilexítimos, nin proporcionar a terceiros de forma indebida, ningún dato ou información obtida no traballo realizado, nin tampouco publicar o seu contido, de forma que se violen os termos da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, especialmente os datos persoais relativos á saúde.

3.- OBRIGAS DE XESTIÓN E COBERTURA DAS CONTINXENCIAS PROFESIONAIS.

En relación coas continxencias profesionais que poden afectar ao persoal do Concello de Santiago, a mutua adxudicataria está obrigada a:

- a) Substituír ao asociado na mutua, neste caso ao Concello de Santiago, cos límites que establece a normativa, en todas as obrigas derivadas da cobertura dos riscos e continxencias de Accidentes de Traballo (A.T.) e Enfermidades Profesionais (E.P.), as cales consistirán, entre outras, nas seguintes obrigas:

- Prestar a asistencia médica, farmacéutica e rehabilitadora ao persoal do concello que estea accidentado ou afectado polo proceso de enfermidade profesional, nos termos e amplitude que establecen os artigos 115 e 116 do R.D. Lex. 1/1994.

- Aboar e facerse cargo do subsidio por Incapacidade Temporal (IT) durante o período que permaneza a situación de baixa, para a cobertura de A.T. e E.P. nas condicións que legalmente procedan.

- Pagar á persoa afectada por A.T. ou E.P., na contía que proceda, por causa de lesións indemnizables por:

- Lesións permanentes non invalidantes.


- Invalidez permanente en grado de parcial.

- A indemnización que lle recoñeza o INSS ou no seu caso os tribunais do

Social.

- Ingresar na TXSS os importes que a efectos de capitalización foran procedentes para xerar a pensión que teña dereito a percibir o traballador de serlle recoñecida unha invalidez indemnizable en forma de renda vitalicia.

- Aboar aos beneficiarios das prestacións derivadas das situacións de morte e supervivencia, as cantidades a tanto alzado que a normativa sobre seguridade social



CONCELLO DE SANTIAGO

poida establecer en cada momento.

- Ingresar na TXSS os importes que a efectos de capitalización foran procedentes para xerar as previsións polas situacións de invalidez, de morte e supervivencia.

- b) Anticipar as prestacións correspondentes ao/á traballador/a asegurado/a ou aos seus familiares declarados beneficiarios, con posterior dereito de repetición, nos supostos de falta de afiliación, alta, baixa ou de cotización.
- c) Cando sexa precisa a hospitalización do/a empregado/a asegurado/a, levarase a cabo nos centros hospitalarios ou asistenciais dos que dispoña a mutua, se reúnen as condicións esixibles en razón á asistencia a precisar. Se o accidente tivera lugar fóra de Santiago de Compostela ou o centro non fose axeitado, o accidentado poderá ser atendido no centro máis próximo que reúna as necesidades hospitalarias que precise. Se o traballador fose atendido en base ao anteriormente exposto, en centros hospitalarios distintos aos do seu lugar de residencia, e en situacións de desprazamento por traballo fóra de Santiago de Compostela, unha vez que sexa aconsellable e posible, será trasladado a un centro hospitalario do seu lugar de residencia, se o houbera.
- d) Xestionar e facerse cargo do subministro das caixas de urxencias e do material de primeiros auxilios que fose necesario así como da súa reposición nos lugares e centros de traballo do Concello de Santiago, dentro dos termos establecidos na normativa.

4.- OBRIGAS DE XESTIÓN E COBERTURA DAS CONTINXENCIAS COMÚNS.

En relación coas continxencias comúns que poden afectar ao persoal do Concello de Santiago, a mutua adxudicataria está obrigada a:

- Xestionar e aboar a prestación económica por Incapacidade Temporal (IT) derivada de Continxencias Comúns (CC) nas condicións que legalmente procedan.
- Colaborar co sistema público da seguridade social, e particularmente, no seguimento e control da enfermidade común e do accidente non laboral promovendo unha mellor e máis rápida curación, recuperación e rehabilitación.
- Exercer a potestade de realizar a supervisión dos procesos de incapacidade temporal e as revisións médicas de control aos traballadores de baixa nas condicións que legalmente procedan.
- Exercer as demais facultades e potestades que a normativa estableza para as mutuas con respecto da xestión e cobertura das incapacidades temporais por continxencias comúns.

A mutua poderá prestar asistencia sanitaria ao paciente de baixa para facilitar unha máis rápida e mellor curación e recuperación, nos casos que proceda, e co consentemento do/a interesado/a. Por exemplo, a mutua poderá ofrecer adiantar a realización de probas médicas complementarias ou de probas diagnósticas que sexan necesarias, intervencións ou tratamentos, etc., en colaboración co sistema público de saúde, para que o/a traballador/a non vexa innecesariamente prolongado o seu período de baixa médica ante a lista de espera nos servizos públicos de saúde.

5.- OUTRAS ACTIVIDADES E PRESTACIÓNS DA MUTUA.

- A mutua adxudicataria xestionará a prestación ou subsidio para o coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave, nas condicións que establece a normativa.
- A mutua adxudicataria xestionará a prestación por risco durante o embarazo ou lactancia natural, nas condicións que establece a normativa.
- A mutua adxudicataria poderá xestionar e conceder outras prestacións especiais nos casos de



CONCELLO DE SANTIAGO

persoas traballadoras ao servizo do Concello de Santiago que teñan sufrido un Accidente de Traballo ou unha Enfermidade Profesional.

- A mutua adxudicataria poderá realizar outras actividades e prestacións complementarias e relacionadas co obxecto principal do convenio, que libremente poida ofrecer a mutua.

6.- CENTRO ASISTENCIAL E OFICINAS DE ATENCIÓN DA MUTUA.

A mutua adxudicataria comprométese a dispór dun centro sanitario asistencial propio dentro do termo municipal de Santiago de Compostela durante a vixencia da asociación do Concello de Santiago coa mutua, que deberá reunir as condicións axeitadas para atender ao persoal ao servizo do concello.

Así mesmo, a mutua adxudicataria tamén deberá contar cunha oficina de atención administrativa propia dentro do termo municipal de Santiago de Compostela durante a vixencia da asociación do Concello de Santiago coa mutua. O centro administrativo da mutua en Santiago de Compostela terá a capacidade suficiente para apoiar o funcionamento do centro sanitario da mutua e para atender ao Concello de Santiago na xestión e tramitación das distintas actividades e prestacións, así como nos aspectos de información e consulta necesaria sobre as mesmas.

Dende o centro asistencial da mutua adxudicataria en Santiago de Compostela se xestionarán as probas, citacións e visitas e se coordinará toda a información médica dos diferentes tratamentos. O centro sanitario asistencial da mutua en Santiago de Compostela será o interlocutor que, cando proceda, informará das baixas e das previsións de alta, para que se poida realizar unha planificación fiable dos recursos humanos.

O centro sanitario asistencial da mutua en Santiago de Compostela coordinará os tratamentos, ocuparse de concertar as citacións e visitas cos especialistas e axilizará a realización das probas que se necesitan, e procurando evitar as esperas e os desprazamentos innecesarios.


7.- OBRIGAS DO CONCELLO.

O Concello de Santiago colaborará coa mutua para facilitar a correcta realización das súas actividades.

O Concello de Santiago de Compostela terá que cumprir todas as obrigas que, con respecto da cotización, documentación, información e outras análogas, se deriven do Réxime da Seguridade Social que lle corresponda, así como do disposto no Regulamento xeral de colaboración das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto 1993/1995, de 7 de decembro, e demais normativa aplicable.


ANEXO: RELACIÓN DE PERSOAL E CENTROS

N	CENTRO/LUGAR DE TRABAJO	Nº. DE TRAB.
1	Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro, s/n.	90
2	Dependencias da Policía Municipal de Santiago. Baixo do Pazo de Raxoi.	157
3	Oficinas da Secretaría municipal e de Circulación e Seguridade Cidadá. Baixo do Pazo de Raxoi.	19



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

4	Oficinas municipais do Padrón, Informática, Lingua Galega, Persoal, Recursos Humanos e Prevención de Riscos Laborais. Baixo do Pazo de Raxoi.	23
5	Oficina municipal de Rehabilitación e Vivenda. Praza de Cervantes, s/n.	6
6	Oficinas municipais de Atención ó Cidadán, Rexistro Xeral e Certificacións, Atención ó Contribuínte, Caixa e Xestión de Inmobles (IBI). Rúa Presidente Salvador Allende, 4 – baixo.	15
7	Oficinas de Contratación, Servizos, Atención ó Consumidor e Recadación Executiva. Rúa Presidente Salvador Allende, 6-8 – baixo.	16
8	Oficinas municipais de Servizos Económicos. Intervención e Tesourería. Rúa Galeras, 5 - 3º andar.	28
9	Oficinas de Medio Ambiente, Sanidade, Inspección de Servizos e Notificacións. Rúa Galeras, 17 baixo.	13
10	Oficina municipal de Catastro e Censos. Rúa Galeras, 28 baixo.	7
11	Oficina municipal do Proxecto Urbana Santiago Norte. Rúa Betanzos, 55. (anexo da Escola de Música).	3
12	Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche. Rúa Frei Rosendo Salvado, 10.	11
13	Centro Sociocultural de Vite (centro José Saramago) Rúa Carlos Maside, s/n.	4
14	Centro Sociocultural de Conxo. Praza de Aurelio Aguirre, 1.	5
15	Centro Sociocultural da Trisca-Belvís. Rúa Corredoira das Fraguas, 92.	1
16	Centro Sociocultural de Fontiñas. Rúa de Berlín, 13.	6
17	Centro Sociocultural de Castiñeiriño. Rúa Virxe de Fátima, 1.	3
18	Oficina dos Servizos de Obras e Proxectos e Programación e Proxección de Obras. Estación de Autobuses. Praza de Camilo Díaz Baliño, 16.	14
19	Centro de Recursos e Servizos Integrais de Apoio á Empresa (CERSIA). Rúa Alcalde Raimundo López Pol, s/n. San Lázaro.	13
20	Dependencias da Brigada municipal de Parques e Xardíns. Estación de Autobuses. Praza Camilo Díaz Baliño, s/n. Baixo.	14
21	Servizo de Extinción de Incendios de Santiago. Avenida Rodríguez de Viguri, 45. Anexo da Estación de Autobuses.	61
22	Dependencias do Parque Móbil municipal. Vía Pasteur, parcela 14. Polígono do Tambre.	6
23	Dependencias da Brigada municipal de Vías e Obras. Vía Pasteur, parcela 14. Polígono do Tambre.	19
24	Mercado Nacional de Gando de Amio. Lugar de Amio, s/n (Recinto do Mercado de Amio /Expogalicia)	2
25	Unidade Municipal de Asistencia ó Drogodependente (UMAD) Salgueiriños, s/n.	23
26	Casa das Asociacións de Cornes. Departamento de Relacións Veciñais. Antiga Estación de Cornes. Conxo.	3
27	Oficinas municipais de Benestar Social e Muller.	17



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

	Rúa Galeras, 46.	
28	Casa das Asociacións de Benestar Social (CABES). Salgueiriños, s/n.	6
29	Centro Municipal de Formación Ocupacional San Xuás de Aríns. Lugar de Aríns, s/n.	10
30	Teatro Principal. Rúa Nova, 21.	3
31	Oficina municipal de Educación e Mocidade. Rúa do Vilar, 13 – 1º andar.	4
32	Oficina municipal de Deportes no Estadio de San Lázaro. Estadio de San Lázaro. Portas 1 e 2.	6
33	Oficinas da Concellaría de Medio Rural. Estadio de San Lázaro. Portas 9 e 10.	4
34	Oficinas de Protección Civil. Estadio Multiusos de San Lázaro. Baixo, s/n.	2
35	Pavillón Polideportivo municipal de Santa Isabel. Rúa Tras Santa Isabel, s/n.	3
36	Pavillón Polideportivo municipal de Vite. Rúa Carlos Maside, 7.	3
37	Pavillón Polideportivo municipal do Restollal. Rúa Emilio E. Manuel, s/n.	2
38	Auditorio de Galicia (lugar de ensaio da Banda Municipal de Música) Avenida do Burgo das Nacións, s/n. Auditorio de Galicia.	39